



# A TRADUCCIÓN LITERARIA Ó GALEGO DENDE OUTRAS LINGUAS DA PENÍNSULA<sup>1</sup>

**Patricia Buján Otero**  
Universidade de Vigo

## Introducción

O obxectivo do presente traballo é mostrar unha panorámica das traducións literarias efectuadas ó galego de obras escritas orixinalmente nalgunhas das outras linguas da Península ibérica, nomeadamente do asturiano, do castelán, do catalán, do éuscaro e do portugués. O espazo temporal de estudo está delimitado polo ano da aprobación da Lei de Normalización Lingüística (1983) e o 2002, abranguendo así un período de case dúas décadas. O corpus de traballo elaborouse a partir das panorámicas publicadas en *Viceversa*, no *Anuario de estudos literarios galegos*, nos *Informes de literatura galega*, así como dos catálogos das editoriais. Anque amplo, pode que non sexa exhaustivo, sobre todo no que atinxe á primeira década, debido especialmente á escasa catalogación. Botouse tamén man da base de datos da oficina do ISBN ubicada na páxina web do Ministerio de Educación e Cultura, se ben os erros e a falta de rigor clasificatorio que presenta confírenlle unha utilidade limitada<sup>2</sup>.

Tivéronse en conta non só as obras publicadas nas linguas da Península, escritas por autores de procedencia peninsular, senón tamén aquelas obras escritas por falantes destas linguas noutros territorios. No caso do castelán incluíronse pois autores americanos das literaturas arxentina, chilena e cubana; do portugués tomáronse autores de tódalas terras da Lusofonía, se ben só houbo lugar a incluír portugueses e brasileiros; no catalán rexistráronse obras de diferentes autores dos Países Cataláns, comprendendo por tanto tamén a literatura balear.

A temática do relatorio é complexa: na produción, circulación e recepción das traducións, que no caso do galego teñen —ou deberían ter— unha importante función na normalización da lingua, non só entran en xogo

---

<sup>1</sup> Este relatorio enmárcase no amplo proxecto galego-alemán 2002/PX046 (PGIDT Formación de Grupos) financiado pola Xunta de Galicia.

<sup>2</sup> Por pórmos un exemplo, a tradución da obra do catalán Quim Monzó *A magnitude da traxedia*, que Edicións Positivas publicou no ano 1991, figura no ISBN como publicación en galego, traducida de “Otras linguas”, e está incluída dentro da materia “Literatura española. Novela y cuento”.

factores culturais, senón tamén moi fortemente políticos, sociolingüísticos e económicos. Polas limitacións obvias deste espacio, centrarémonos só na presentación das obras e autores traducidos, co obxectivo así de achegar unhas primeiras conclusións xerais sobre os motivos que determinan a escolla.

Co fin de analizar a partir destas traducións as relacións que se establecen entre as comunidades lingüísticas, estableceuse unha división por linguas, acoutando ademais o corpus á literatura para adultos. Isto é debido a que o mundo editorial para o público infantil e xuvenil réxese en xeral, e especialmente no caso galego, por normas e costumes ben diferentes ós que regulan a literatura para adultos. Daremos non obstante unha visión xeral das peculiaridades máis significativas que encontramos na tradución infantil/xuvenil das linguas de estudio.

## Literatura infantil e xuvenil

Na última década fomos testemuñas de que a maioría das obras traducidas á nosa lingua pasaban a engrosar os andeis dedicados ó libro infantil e xuvenil. Disto dan conta sobre todo as panorámicas de Gonzalo Constela publicadas nos pasados anos no *Anuario de estudios literarios galegos*. Destaca o feito de que neste sector as linguas en xeral máis traducidas son dúas das que aquí analizamos: o castelán nun posto predominante, seguido do catalán (e do inglés). Como causas deste numeroso catálogo de traducións, pódense destacar dúas fundamentais: por unha banda, a publicación deste tipo de literatura é máis barata, xa que con frecuencia se trata de libros pouco extensos que ademais gozan de subvencións; pola outra, esta literatura encontra grande acollida no mercado, especialmente por cubrir a demanda de lectura obrigatoria en galego para o sector do ensino. En definitiva, a publicación de traducións dixiridas ó público infantil/xuvenil non só é barata, senón tamén rendible: ante a demanda e a insuficiencia de material de creación propia, as editoriais botan man da tradución para satisfacer as necesidades creadas no ámbito educativo. Así o sinala Gómez Clemente:

A literatura infantil e xuvenil é o xénero máis traducido en Galicia. Estamos, polo tanto, ante unha situación preocupante xa que se nota que as editoriais publican principalmente aqueles textos que non necesitan de grandes investimentos económicos (obras pouco extensas) e que teñen unha saída segura no mercado: os textos escolares. (Gómez Clemente 1995: 181)

A cuestión é sen embargo moito máis complexa; entran aquí tamén aspectos relacionados coa política editorial e, especialmente, coa política de subvencións da Xunta. En palabras do mesmo autor:

Cando se trata de pasar ó galego textos máis extensos, as editoriais dependen das subvencións da Xunta de Galicia e, debido a isto, no noso país tradúcese segundo os criterios que determinan as disponibilidades orzamentarias do goberno galego. A situación non é doada de resolver, pero, se cadra, necesitaríase un compromiso máis claro das Universidades e, dende logo, da empresa privada,

coa traducción. (Gómez Clemente 1995: 181)

Outra característica salientable nas coleccións de literatura infantil/xuvenil en galego é o daren acollida a clásicos universais, característica esta, cónstanos, non exclusiva da nosa comunidade; recordemos, por exemplo, o caso dos relatos decimonónicos de Hans Christian Andersen<sup>3</sup>. Cumpriría abordar esta cuestión con maior detemento partindo de dúas hipóteses antagónicas: ¿trátase dunha tendencia presente en tódalas linguas, ou é unha cuestión exclusiva do galego —ou das linguas minorizadas en xeral— debida a intereses comerciais e económicos? Neste sentido, paréceme perfectamente descritivo o seguinte comentario de Gonzalo Constenla:

[...] a heteroxeneidade de público ó que vai dirixido, cunhas diferencias evolutivas tan grandes, fai que o xénero [infantil/xuvenil] se converta no máis variado de todos, non só, claro está, polo seu deseño editorial senón pola súa temática, tratamento e mesmo pola súa versatilidade, que pode facer que, por exemplo, unha novela escrita orixinariamente para o público adulto acabe por formar parte dunha colección de títulos xuvenís, ou que un libriño de menos de vinte e catro páxinas que teña un contido máis pedagóxico que literario comparta andel clasificatorio con todo un clásico, non necesariamente xuvenil, da literatura universal. (Constenla 1999: 218)

A inclusión por parte das editoriais galegas de clásicos nestas coleccións vén avaliada por unha dobre garantía de éxito: o renome da obra garante o interese do comprador, e o tipo de colección no que se insire supón en certa medida unha garantía de compra.

Tentei polo tanto incluír no corpus tamén este tipo de obras, obras creadas no contexto de partida para un público adulto pero que no contexto de chegada entran como literatura infantil/xuvenil. Entre estes encóntranse as novelas do catalán Manolo de Pedrolo e do brasileiro Paulo Coelho, case todas publicadas por Galaxia na colección de literatura xuvenil Costa Oeste. De Pedrolo podemos ler en galego *Xogo sucio*, *Traxecto final* e *Círculo vicioso* (col. Árbore), e de Paulo Coelho *O alquimista*, *Mónika decide morrer* e *O peregrino a Compostela*. Unha mítica obra de Pedrolo, *Mecanoescrito de segunda orixe*, publicada por Galaxia na colección Árbore, foi incluída como lectura obrigatoria ou recomendada para o bacharelato nos anos 90.

Anque este panorama de traducción masiva de literatura infantil/xuvenil fronte ós poucos títulos que encontramos na literatura para adultos poida resultar desesperanzador, presenta a seguinte vantaxe sinalada por Constenla (1996: 184):

a presenza da gran cantidade relativa de títulos destinados ós máis novos da casa é de por si tamén un aspecto positivo e que esperamos teña un efecto proveitoso a curto, medio e longo prazo, ó irmos gañando lectores futuros para o galego, e que ademais sirva para estimular e complementar a aparición de títulos infantís e xuvenís de autores galegos.

<sup>3</sup> Este autor en lingua danesa ficou cos seus contos como un clásico universal da literatura para nenos, se ben no seu momento os seus relatos eran concibidos e recibidos como literatura para adultos.

Non só estamos gañando desta maneira lectores de galego, senón tamén lectores de traducións cunha conciencia do que este traballo implica, e poida que posibles consumidores que, unha vez chegados á idade adulta, reclamen traducións en galego.

## Literatura para adultos

Tras este breve bosquejo da recepción entre o público infantil/xuvenil de material literario traducido, entramos agora na propia análise do corpus e, polo tanto, no propio tema de traballo. Como xa se mencionou, preséntase unha análise por linguas, comezando polo catalán por ser Cataluña país de acollida deste congreso, e seguindo despois co portugués, o castelán e finalmente o éuscaro e o asturiano.

### Catalán<sup>4</sup>

Do catalán predominan as obras e autores clásicos ou autores pertencentes ó canon da literatura de orixe; ocorre así co máis representativo poeta da Renaixença, Jacint Verdaguer (Folgeroles 1845-Vallvidrera 1902), de quen podemos ler en galego o poema épico *A Atlántida* (Xunta de Galicia, 1995, trad. M. Rodríguez López), ou cunha narradora da época moderna, Mercè Rodoreda (Barcelona 1909-Romanyà de la Selva 1983), quen con *A praza do diamante* retrata o franquismo en Barcelona (Galaxia, 1995, trad. Pilar Vilaboi).

De Joan Perucho (Barcelona 1920) contamos cun seu clásico en forma de prosa poética: *Monstruario fantástico: gaiola para animalinhos felices* (Galaxia 1998). A escolla está sen dúbida determinada pola súa proximidade estética e persoal a Cunqueiro, e moi especialmente ás súas *Novidades do mundo e fauna máxica* contidas en *Escola de menciñeiros* (o propio Cunqueiro foi *anosador* de Perucho nos anos 60, convertendo o Mediterráneo en Atlántico).

Atrás fican mencionadas as catro traducións de Manuel de Pedrolo (L'Aranyó 1918-Barcelona 1990). De narrativa actual está presente unha novela de Quim Monzó (Barcelona 1952), *A magnitude da traxedia* (Edicións Positivas, 1991, trad. M. Cortés), autor quizais máis célebre no mundo da tradución polos seus relatos. Seguindo coa literatura contemporánea, anque xa non tan actual, encontramos unha obra do ano 1988, *Camiño de sirga*, de Jesús Moncada, publicada no 1997 por Xerais, e na que se relata o asolagamento dun pobo para construír un encoro no Alto Ebro.

É curioso o feito de darmos con obras que falan de personaxes ou feitos relativos a Galicia. É o caso da mestura de ensaio e creación que constitúe *Rosalía non estaba alí*, de Teresa Pàmies, publicada no ano 1982 na súa lingua orixinal e en galego no 1996. Dentro da literatura xuvenil, Galicia é trasfondo en *O galeón das Illas Cíes*, escrita por Josep Lorman

---

<sup>4</sup> Sobre esta cuestión vid. X. Rodríguez Baixeras, "Sobre a historia da tradución do catalán ó galego (e viceversa)" contido en [www.escriptors.com/galeusca/pon\\_baixeras.html](http://www.escriptors.com/galeusca/pon_baixeras.html). [Última consulta: 18-06-03]

e publicada por Galaxia en Costa Oeste (1999). Tamén vai dentro deste grupo *Viaxe por Galicia. De Ribadeo a Tui* (1999), de Josep Pla<sup>5</sup>, contida dentro dunha cuidada colección de libros de viaxes elaborada en Galaxia: Galicia no espello. En Galicia desenvólvese a trama de *Un cadáver desconcertante*, novela de Josep Maria Palau i Camps (Edicións do Cumio, 1997, trad. D. Miloro).

No tocante á poesía encontramos en tódalas linguas estudadas un predominio claro de volumes antolóxicos, unha tendencia común na tradución literaria. Como ben indica Teresa Seara (2001: 101), a antoloxía é “o vehículo máis adecuado para ofrecer mostras plurais doutras literaturas, recompilar autores e obras esquecidos no tempo ou tamén para achegarnos o que facer de poetas de sistemas literarios alleos a nós”. No caso concreto da literatura catalana, destaca o labor de Espiral Maior que nos últimos anos nos achegou, sempre en formato bilingüe, cinco antoloxías, tres de autor e dúas conxuntas, todas elas traducidas por Xavier Rodríguez Baixeras. As tres primeiras apareceron no ano 2001, e reproducen obra de Blai Bonet (Mallorca, Santanyí, 1926 - Cala Figuera 1997), Josep Maria Llompart (Ciutat de Mallorca 1925 - 1993) e Marià Villangómez (Mallorca, Ciutat d'Eivissa, 1913-2002) (esta última co título *Un voo de paxaros*). As conxuntas son *Trece poetas cataláns*, publicada no ano 1995 e na que se recollen traballos da chamada “nova poesía” dos anos 70 e parte dos 80<sup>6</sup>, e *Vinte poetas das Balears* (2001), obra que abrangue dende a segunda metade do século XIX ata a actualidade, pondo de manifesto as circunstancias singulares da literatura balear con respecto á restante literatura dos Países Cataláns<sup>7</sup>. Con estas cinco antoloxías, a catalana constitúe a literatura estranxeira máis representada na colección Poesía de Espiral Maior.

Manténdonos no xénero poético, cómpre mencionar un proxecto xurdido da amizade entre Méndez Ferrín e o poeta valenciano Lluís Alpera (Valencia, 1936) e que apareceu en galego co título *Laranxa de ceo de novembro*. Esta obra foi publicada pola editorial valenciana 7 i Mig Edicions no ano 1999 e consiste nunha antoloxía bilingüe de poemas de Alpera traducidos por Ferrín, quen, no limiar, declara a súa proximidade estética co autor.

Atendendo agora ós creadores líricos máis novos, podemos ler en galego a obra gañadora no ano 1998 do V Premio Aula de Poesía de Barcelona, publicada en edición bilingüe por Edicións Xerais dentro da colección Ablativo Absoluto no mesmo ano no que foi premiada: estamos a falar de *Ferros e ameixas*, escrita por Carles Bellsolà.

Dentro do xénero ensaístico destaca o traballo de Laiovento que, fiel á súa política editorial de achegar obras que inciten á discusión política, en concreto “nunha empresa que ten como único obxectivo o de contribuír desde unha óptica plural, aberta e progresista, á construción nacional da Galiza”<sup>8</sup>, publicou nos últimos anos varias obras que tratan a cuestión nacional.

<sup>5</sup> Cronista do seu tempo (1897-1981) nas súas obras, maioritariamente prosísticas e xornalísticas.

<sup>6</sup> Os autores antologados son: Narcís Comadira, Miquel de Palol, Pere Gimferrer, Marc Granell, Joan Margarit, Maria-Mercè Marçal, Antoni Marí, Francesc Parcerisas, Marta Pessarrodona, Josep Piera, Jaume Pont, Pere Rovira e Alex Susanna.

<sup>7</sup> Entre outros autores, esta obra inclúe os seguintes (por orde cronolóxica): Miquel Costa i Llovera, Joan Alcover, Miquel dels Sants Oliver, Gabriel Alomar, Maria Antònia Salvà, Miquel Ferrà, Bartomeu Rosselló-Pòrcel, Blai Bonet, Josep M. Llompar e Miquel Àngel Riera.

<sup>8</sup> Texto tirado da sección “Editorial” da páxina web de Edicións Laiovento: [www.laiovento.com](http://www.laiovento.com) [Data de creación: 17-12-90]



No 1997 sacou *O nacionalismo español*, do profesor de Ciencias Políticas Josep Sort i Jané, obra na que analiza un dos vellos nacionalismos Estado-Nación e o modo no que nos últimos tempos se acentuou o discurso político renacionalista español. Dous anos despois publicou o ensaio de Xavier Durán, *O nacionalismo na era tecnolóxica*, e máis dous anos pasaron para a publicación de *Os nacionalismos perigosos*, ensaio escrito por Josep Huguet e Joan Serra; responsable da tradución de ambas foi Antonio Garazo.

Dentro da temática do conflito lingüístico, Xerais sacou no ano 1997 *Unha lingua é un mercado*, de Jesús Royo. Espiral Maior achegounos no ano 1996 cinco ensaios de Vicenç Llorca co título *O entusiasmo reflexivo. Metáfora e sentido na fin de século*, obra na que se analiza o fenómeno da creación literaria en relación coa filosofía e a ciencia.

A modo de conclusión, podemos dicir que, no caso de tradución dende o catalán, destaca por xéneros o narrativo, se ben hai unha forte representación de poesía e ensaio. Por editoriais distínguense Galaxia na publicación de obras narrativas, Espiral Maior para a poesía e Laiovento para o ensaio.

Debido a que, a falta de espazo, a penas mencionamos os tradutores, non podemos abandonar este apartado dedicado á literatura catalana sen destacar o traballo das persoas que, como escolmadores, tradutores ou autores de limiar, foron iniciadores de parte das publicacións. Destacan aquí Xavier Rodríguez Baixeras, moi ligado ós traballos publicados en Espiral Maior e Xerais, e Xesús González Gómez<sup>9</sup>, así como o tradutor Leandro García Bugarín, quen ten varias traducións publicadas en Galaxia, sobre todo de xénero narrativo.

## Portugués

No portugués encontramos por xéneros un predominio clarísimo do narrativo. Do ensaístico fica tan só rexistrado *Trobadores e xograres*, de António Resende, un manual publicado no ano 1995 por Xerais dentro da colección Universitaria. Predominan os autores de nacionalidade portuguesa, anque tamén hai voces de brasileiros de fama mundial. Entre estes últimos encóntranse Jorge Amado con *O Gato Gaiado e a andoriña Señá: unha historia de amor* (1986) e o xa mencionado Paulo Coelho (Rio de Janeiro 1947). Curiosamente deste último foron traducidas tres obras, todas elas, como xa se dixo, publicadas por Galaxia na colección Costa Oeste en traballo conxunto de Ana Belén Costas Vila e Eva Lozano: *O alquimista* (1998), *O peregrino a Compostela* (1998) e *Verónica decide morrer* (2000).

No tocante ós autores nados en Portugal, cómpre mencionar as voces destacadas de Miguel Torga, Fernando Assis Pacheco e Bento da Cruz. De Torga (1907-1995) publicáronse en Galicia os *Contos da montaña*, relatos curtos que dan conta dun Portugal íntimo, moi achegado ó universo galego. De Bento da Cruz, autor raiano, foron traducidas por Moncha Fuentes *O lobo guerrilleiro* (Premio Diálogo de Noticias 1992) e *A loba* (Premio Eixo Atlántico 1999). De F. Assis Pacheco (1937-1995) verquéronse ó galego

<sup>9</sup> Traductor, entre outros libros, das obras de teatro *Nun pregue de veludo (fagamos comedia)* de A. Ballester e *Desbarats. Desbaratos*, de Llorenç Villalonga. Ambas as dúas foron editadas no ano 2001 na Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor.

os *Traballos e paixóns de Benito Prada: galego da provincia de Ourense que veu a Portugal gañar a vida* (1995), obra na que relata as aventuras do seu avó como emigrante galego nas terras de Trás-os-Montes.

Na traducción da literatura lusófona encontrámonos de novo, como xa vimos no caso do catalán e como veremos no do castelán, con obras que fan referencia a Galicia (*Contos da montaña, Traballos e paixóns de Benito Prada e O peregrino a Compostela*), feito que por veces semella ser o determinante da escolla. Galicia tamén é protagonista no libro de viaxes *Viaxes por Galicia*, escrito por Silveira da Mota no ano 1886 e que Galaxia sumou no ano 1994 á colección Galicia no espello.

Cómpre aquí tamén comentar o carácter do Premio Eixo Atlántico de Narrativa Galego-Portuguesa como feito iniciador de traduccións do portugués ó galego; foron os casos de *Xeografía do medo* de Francisco Duarte Mangas no ano 1998 (Galaxia) e *A loba*, de Bento da Cruz, no 1999 (publicada no ano 2000 por Xerais). Resulta paradoxal que nun premio que nace co obxectivo de acadar un coñecemento mutuo das comunidades galegas e portuguesas se traduzan as obras gañadoras.

O propio feito de existiren traduccións do portugués ó galego provoca fortes controversias que afectan á propia natureza da lingua, e que provocan así un afastamento deliberado, e lamentable, por parte dos galegos con respecto á vida cultural do país veciño. Non é este espacio adecuado para entrarmos no debate, mais si o espacio para reclamar unha política educativa que inclúa o portugués nos proxectos docentes, e especialmente a lectura de obras escritas nesta lingua perfectamente accesible para os galegofalantes. Paradoxal resulta cando menos que na nosa comunidade aparezan publicacións presentadas como traduccións na dirección aquí discutida, fronte a outras publicacións comercializadas en portugués por editoriais galegas, como é o caso, entre outras, das antoloxías publicadas por Espiral Maior *Floriram cravos vermelhos* (1993), onde Xosé Lois García dá unha mostra da literatura de expresión portuguesa en África e Asia, e *Razões de fogo: versos fabricados* (1999), compilación de Carlos Paulo Martínez Pereiro de sonetos portugueses dos séculos XVI-XVIII.

## Castelán

Ó estudar as traduccións que se fan ó galego dende o castelán, a cuestión principal que xorde, ó igual que acontecía co portugués, é a seguinte: ¿é realmente necesario traducir do castelán ó galego para unha comunidade diglósica con competencia, cando menos pasiva, en ambas linguas, na que a maioría da poboación foi escolarizada unicamente en castelán ou, no caso das xeracións máis novas, en galego e castelán? ¿Por que importar obras dun sistema adxacente cando estas poden ser lidas na súa lingua orixinal? Fronte a esta opción, encontramos unha postura defensora das traduccións castelán>galego que parte do seguinte fundamento: se a nosa cultura está tan normalizada, non debe ter prexuízos en traducir tanto do español coma do inglés.

Como xa se comentou máis arriba, nos últimos tempos, e atendendo ás panorámicas que publica Gonzalo Constela no *Anuario de estudios literarios*

*galegos*, o castelán é a principal lingua de orixe das traducións ó galego. A meirande parte dos títulos encontrámoslos de novo entre os andeis de literatura infantil/xuvenil. Gómez Clemente explica así esta supremacía:

En primeiro lugar, a tradución de obras escritas en castelán explícase pola facilidade de atopar tradutores desta lingua e, en certos casos, pola política daquelas editoriais non galegas ou dependentes de grupos editoriais máis grandes, sobre todo as especializadas en libros infantís e de ensino, que publican primeiro en castelán e logo aproveitan eses mesmos títulos para traducilos ó galego ou a outras linguas peninsulares. (Gómez Clemente 1995: 181-182)

Na observación das traducións literarias castelán > galego cómpre termos en conta dous aspectos: por unha banda, o castelán é unha lingua que abarca diferentes territorios estatais e ben diferentes realidades culturais; pola outra, na realidade editorial galega o castelán é moitas veces lingua traducida, mais non sempre lingua do orixinal, facendo así a modo de relé. Este é o caso, por exemplo, da maioría das obras que compoñen a colección de clásicos publicados por Xuntanza Editorial no ano 1999, onde case todos os títulos escritos orixinalmente en grego foron traducidos a partir das versións casteláns (así os dramas de Sófocles *Electra* e *Edipo Rei*, as *Fábulas* de Esopo, *As nespras* de Aristófanes, *A república* e os *Diálogos* de Platón, e as *Traxedias completas* de Esquilo).

Volvendo ó primeiro aspecto, resulta significativa unha análise que parta da clasificación dos autores en función da súa procedencia. Pódense así distinguir os catro grupos seguintes:

• **Autores galegos con obra literaria en castelán.** Entran neste grupo Emilia Pardo Bazán (*Os pazos de Ulloa*), Camilo José Cela (*A familia de Pascual Duarte*<sup>10</sup> e *Mazurca para dous mortos*), Torrente Ballester (*A illa dos xacintos cortados*, *O conto da serea* e *O hostel dos deuses amables*), Wenceslao Fernández Flórez (*O bosque animado*), José Posada Curros e Luís de Gálvez (*Nin me abandonarás nunca*) e Manuel Zabal (*Auria abandonada*). Moitas das obras de narrativa aquí mencionadas están ambientadas en Galicia<sup>11</sup>.

• **Autores galegos que escribiron algunha obra en castelán.** Encontranse aquí Rosalía de Castro (*A filla do mar* e *O cabaleiro das botas azuis*<sup>12</sup>), Rafael Dieste (os artigos recollidos en *Crítica da arte* co gallo de ser o autor conmemorado o Día das Letras Galegas 1995, e a peza teatral *Viaxe e fin de don Frontán*), Álvaro Cunqueiro (a novela *San Gonzalo* escrita baixo o pseudónimo Álvaro Labrada, e *Vida e fuga de Fanto Fantini*), Manuel Lueiro Rey (Manso) e Roberto Blanco Torres (*Disto e do outro. Antoloxía*).

<sup>10</sup> Tradución de Vicente Risco do ano 1962. Para conmemorar o 80 aniversario do nacemento do autor, a Xunta de Galicia editou unha reedición adaptada á normativa vixente no ano 1996.

<sup>11</sup> Desenvólvense, por exemplo, en Ourense as tramas de *Mazurca para dous mortos* (Cela) e de *Auria abandonada* (Zabal).

<sup>12</sup> Estas obras foron publicadas por Toxosoutos, quen tamén sacou a antedita versión galega de *Os pazos de Ulloa*; tradutora desta última e de *A filla do mar* foi Olga Patiño. Da tradución de *O cabaleiro das botas azuis* encargouse Carlos Castro, quen, tamén para esta mesma editorial, verqueu ó galego no ano 2001 *Viaxe a Galicia*, escrito por Frei Martín Sarmiento en 1754.



• **Clásicos da literatura española:** O Enxeñoso fidalgo don Quijote de la Mancha de Miguel de Cervantes Saavedra, unha escolma de lendas de Gustavo Adolfo Bécquer e a obra dramática Yerma de Lorca.

• **Autores de orixe americana:** No corpus están representadas tres literaturas americanas: Arxentina, Chile e Cuba. Desta última, e publicada pola editorial Laivento, saíu en galego no ano 1996 a obra de Ma Luísa Andrade Pérez, *Mouro, o eterno rebelde*, relato que constitúe unha visión do home a través do estudio da vida de Carlos Marx. De Chile, e tamén publicada no ano 1996, contamos cunha obra de teatro versionada por Cándido Pazó para Talía Teatro: *A secreta obscenidade de cada día*, de Marco Antonio de la Parra. Da literatura arxentina do século XIX (1842), editouse no ano 1995 *O xigante Mapoulas*, escrita por Juan Bautista Alberdi e prefigura do espírito libertario e vangardista de principios do século XX. Tamén do país dos gauchos publicou no ano 1995 o Grupo Dolmen *Voces do alén-mar*, unha antoloxía bilingüe conxunta de tres poetas de ascendencia galega: Roberto Díaz (Avellaneda, Prov. de Buenos Aires 1938), Lucas Moreno (Bos Aires 1929) e Carlos Penelas (Buenos Aires 1946).

Mencionouse antes o feito de publicaren as editoras galegas obras en portugués; o mesmo ocorre co castelán, onde algunhas editoriais galegas asumen proxectos enciclopédicos en castelán ou a publicación de obras escritas en castelán por autores galegos, como *Las buenas maneras: tratado de urbanidad para mayores* (Xerais, 1983) ou a reedición de *La catedral y el niño*, de Blanco Amor, Galaxia, 1997, que foran publicadas en Buenos Aires por B. Losada.

## Linguas menos representadas: asturiano e éuscaro

Unha eiva da traducción en Galicia é a falta de textos traducidos de linguas de menor difusión, tanto de linguas minorizadas, como o baixo alemán e o frisón, como de literaturas pouco traducidas, como son a xaponesa ou a chinesa. Neste grupo encóntranse dúas achegadas: o asturiano e o éuscaro. Gómez Clemente (1995: 182) apunta dúas posibles causas principais: por unha banda, a falta de tradutores cualificados para desenvolver esta tarefa e, pola outra, a inexistencia dun programa de traduccions razoable que inclúa obras representativas das diversas culturas do mundo. Neste último sentido, sinala tamén que este programa debería fomentar a aprendizaxe de linguas que normalmente non se estudian nos centros de ensino.

### Éuscaro

A creación en éuscaro encontra cabida sobre todo dentro do panorama da literatura infantil e xuvenil, con títulos como *Helena e o solpor* de Juan Kruz Iguerabide (Galaxia, Costa Oeste, 2001) e *O paxaro no corno do touro* de Joxan Ormazábal (Galaxia, Col. Bambán, 1999). Na literatura para adultos destacan un título de poesía e un de ensaio.

En *A Ponte das palabras: poesía vasca 1990-2000 = Hitzezko zubia: euskal poesia 1990-2000*, Letras de Cal ofreceu no ano 2000 en edición bilingüe a creación de 20 poetas vascos<sup>13</sup> que publicaron no decenio 1990-2000. Os propios autores escolleron os textos; encargado do proxecto, da escolma de autores e do estudio que achega foi Jon Kortázar. Non deixa de resultar significativo que quen asumira esta empresa fora unha editora alternativa e de escasos recursos.

No tocante ó ensaio, destaca a publicación no ano 1997 de *Nacionalismos no mundo*, que recolle unha recompilación de artigos publicados con periodicidade semanal no xornal vasco *Deia* entre setembro do ano 1995 e febreiro do 1996 por Francisco Letamendia Belzunce, nos que analiza a diferenza entre os vellos nacionalismos e os nacionalismos das nacións sen estado. Con este traballo, Laiovento, responsable da publicación, mantén a liña editorial antes referida a propósito do ensaio en catalán.

Fóra do formato libro cómpre mencionar a publicación no número 27 de *Luzes de Galiza* (1996) dunha escolma de poemas de Bernardo Atxaga (Asteasu 1951), co título “Nunha pizzería de Londre/Londresko pizzerian”, nunha edición bilingüe elaborada polo propio autor.

## Asturiano

A escasa representación da literatura asturiana está sen dubida ligada a tres feitos clave: en primeiro lugar, o triste afastamento entre estas dúas culturas tan próximas potenciado historicamente por distintas políticas estatais (deste feito dan mesmo testemuño as discusións entre as Academias galega e asturiana no relativo á toponimia fronteiriza); en segundo lugar, as fortes dificultades de recoñecemento ás que se enfronta o asturiano no seu propio país, comezando pola súa falta de status de lingua oficial; e, finalmente, a falta de profesionais que coñezan ambas linguas.

En total rexistráronse tres obras traducidas do asturiano. A primeira apareceu publicada no ano 1996 co título *Xente deste mundo e do outro*; o autor é Pablo Antón Marín Estrada, que recolle nesta obra unha serie de relatos ambientados na Asturias de hoxe en día. Trátase da súa primeira obra narrativa, e en Galicia foi publicada por Edicións do Cumio con tradución de Carlos L. Bernárdez. A segunda é unha escolma poética que recolle traballos de tres autores do chamado *resurdimentu* que publicaron sobre todo en torno ó ano 1974<sup>14</sup>; trátase dos poetas Humberto González, Berta Piñán e Alfonso Velázquez, e o libro, publicado por Edicións Río Xuvia (Neda) no ano 1999, titúlase *Xeitos de falar. Mostra de poesía asturiana*. A tradución correu da man de Xavier Frías Conde, autor ademais do limiar. Este mesmo é poeta autotraducido en *As esperanzas de Abu el-Hol*, publicado en asturiano no ano 1993 e en galego no 1997 (Espiral Maior).

<sup>13</sup>Pako Aristi, Aurelia Arkotxa, Rikardo Arregi Diaz de Heredia, Gari Berasaluze, Harkaitz Cano, Isabel Díaz, Igor Estankona, Martín Etxeberria, Mirari García de Cortazar, Karlos Linazasoro, Gerardo Markuleta, Miren Agur Meabe, Juanjo Olasagarre, Xabier Olaso, Jose Luis Padron, Asier Serrano, Castillo Suárez, Kirmen Uribe, Urtzi Urrutikoetxea, Juan Luis Zabala.

<sup>14</sup>Ano no que se fundou a asociación Conceyu Bable, que naceu co obxectivo de normalizar a lingua asturiana.

## Conclusións

As conclusións xerais que se tiran parecen reflectir que, anque hai elementos comúns nas escollas, semella non existir unha sistematización. En xeral podemos determinar cinco razóns para as escollas:

- a) Escolla de obras que fan referencia a Galicia, como os libros de viaxes da colección “Galicia no espello” de Galaxia, os de autores galegos con obra literaria en castelán ou os ensaios sobre a cuestión nacional editados por Laiovento.
- b) Selección de autores ou obras pertencentes ó canon do sistema literario fonte, como Verdaguer no catalán ou Coelho no portugués, ou autores que confirman unha estética presente no canon do sistema de chegada, por exemplo as mencionadas obras de Perucho e Alpera.
- c) Escolla de obras periféricas ou de rarezas dentro dun autor. Tamén traducións que polo seu deseño, pola súa produción e recepción están destinadas a formar parte da periferia no sistema de chegada, como o caso da antoloxía de poesía vasca feita por Letras de Cal.
- d) Un aspecto a penas mencionado por ser aplicable sobre todo ó sector infantil/xuvenil: traducións que xorden dentro de determinados círculos editoriais establecidos, por exemplo asociacións como Galeuzca ou premios literarios como o Premio Abril de Narrativa para a mocidade e o Premio Eixo Atlántico. González Fernández comenta a este respecto:

As condicións que favorecen o intercambio no ámbito do Galeuzca cos seus encontros de escritores galegos, vascos e cataláns veñen determinadas por unha situación sociohistórica equiparable que xera mecanismos de solidariedade non só ideolóxica, senón tamén a nivel de mercado. Así, por exemplo, as tres comunidades precisan abastecer un mercado escolar que demanda libros nas linguas propias, o que xera un intercambio alternativo ó sistema dominante, forxando modelos propios comúns e potenciando a tradución entre as linguas, que afecta despois ó castelán. (González Fernández 2001: 52)

- e) E, finalmente, escollas que obedecen a intereses persoais sobre determinados sistemas literarios, como vemos sobre todo no caso de traducións do catalán que responden a iniciativas persoais como as de Xavier Rodríguez Baixeras e Xesús González Gómez, ou no caso do asturiano á iniciativa de Xavier Frías Conde.

Pasou xa unha década dende o artigo de Susana Cruces sobre a literatura traducida en Galicia na época 1981-1991, mais a súa afirmación segue a ser lamentablemente actual:

En realidade, o que denota o panorama das importacións ata aquí exposto é a total ausencia de calquera directriz teórica que rixa a selección das mesmas. Tradúcese un pouco ao azar, por motivacións persoais ou apetencias propias, nin tan sequera por moda. (Cruces 1993: 63)

En definitiva, este panorama non só denota esa falta de sistematicidade nas escollas, senón tamén un grande desperdicio ó estar destinando, tanto editoriais como goberno, esforzo e cartos á traducción de obras perfectamente accesibles na súa lingua orixinal —como son o castelán e o portugués— en troques de investilos na integración ó sistema literario galego de obras necesarias, obras de sistemas literarios afastados pero fundamentais na literatura universal.

### Bibliografía citada

- CONSTENLA BERGUEIRO, Gonzalo. “Panorama da traducción literaria en Galicia durante o ano 1995”. *Anuario de estudos literarios galegos 1995* (1996): 183-189.
- “Literatura traducida: desandando o camiño”. *Anuario de Estudos Literarios Galegos 1999* (2001): 213-219.
- CRUCES, Susana. “A posición da literatura traducida no sistema literario galego”. *Boletín Galego de Literatura 10* (1993): 59-65.
- GÓMEZ CLEMENTE, Xosé María. “Panorama da traducción literaria en Galicia durante os anos 1993-1994”. *Anuario de Estudos Literarios Galegos 1994* (1995): 177-182.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena. “Literatura galega de muller, unha visión sistémica”. *Anuario de Estudos Literarios Galegos 1999* (2001): 41-67.
- SEARA, Teresa. “A voz en espiral. Datos para unha análise da primeira década (1991-2001) de Edicións Espiral Maior”. *Anuario de Estudos Literarios Galegos 2001* (2002): 91-133.

Buján Otero, Patricia. “A traducción literaria ó galego dende outras linguas da Península”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.